



Concello de Palas de Rei

BANDO

D. PABLO JOSÉ TABOADA CAMOIRA, ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE PALAS DE REI,

INFORMA:

A Xunta de Galicia ven de publicar as seguintes axudas e subvencións, ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2019, da CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL (DOG. Nº 18 do martes, 28 de xaneiro de 2020):

1.- AXUDAS Á INCORPORACIÓN DE PERSOAS MOZAS Á ACTIVIDADE AGRARIA (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO: MR404A).

OBXECTO: Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas e convocar para o ano 2020 a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas.

A QUEN VAI DIRIXIDO?: Calquera persoa que no momento de presentar a solicitude da axuda á primeira instalación teña cumpridos os dezaoto anos e non teña cumpridos máis de corenta anos, conte coa capacitación e a competencia profesionais axeitadas e se estableza nunha explotación agraria por primeira vez como titular desa explotación; poderá establecerse de xeito individual ou conxunto con outros agricultores, en calquera forma xurídica.

2.- AXUDAS PARA INVESTIMENTOS NAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO: MR405A).

OBXECTO: Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar as axudas para o ano 2020 para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas.

A QUEN VAI DIRIXIDO?:

- a. Persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións agrarias.
- b. Agricultores mozos que se instalan nunha explotación de nova creación.

3.- AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PEQUENAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO: MR405B)

OBXECTO: Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas e convocar para o ano 2020 axudas para o desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresariais.

A QUEN VAI DIRIXIDO?: Persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións agrarias.

Prazo de presentación de solicitudes: 29/01/2020 - 28/02/2020.

O que se fai público para xeral coñecemento.

O alcalde

Pablo José Taboada Camoira

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015

PABLO JOSÉ TABOADA CAMOIRA (1 para 1)
ALCALDE
Data de Sinatura: 05/02/2020
HASH: 6462e14c21bca10d07Baac9bca7456ff



Cod. Validación: 5L63ZLYX55XEH5DP7ADP23Y75 | Corrección: https://palasderei.sedelectronica.es
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1